

Consello de Contas  
de Galicia



**ASESORAMENTO AO CONCELLO DE BARBADÁS EN  
MATERIA DE XESTIÓN RECADATORIA NAS CONTAS  
BANCARIAS E NA RENDICIÓN EFECTUADA POLOS  
DEPARTAMENTOS CONCERNIDOS**

**EXERCICIO 2018**



## **ACORDO SOBRE O ASESORAMENTO AO CONCELLO DE BARBADÁS EN MATERIA DE XESTIÓN RECADATORIA NAS CONTAS BANCARIAS E NA RENDICIÓN EFECTUADA POLOS DEPARTAMENTOS XESTORES CONCERNIDOS. EJERCICIO 2018**

O Concello de Barbadás presentou o 22 de novembro de 2019 ante o Consello de Contas de Galicia escrito no que se solicita a emisión dunha consulta con relación ao expediente da entidade local nº 2023/2019, referido á xestión recadatoria das contas bancarias relacionadas con prezos públicos, taxas e impostos potestativos do Concello de Barbadás correspondente ao exercicio 2018 e na rendición de contas efectuada polos distintos departamentos xestores.

### **1. COMPETENCIA**

O artigo 4 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, modificado pola Lei 8/2015, do 7 de agosto, dispón no seu apartado f) que é función do Consello de Contas:

“Emitir ditames e consultas que en materia de contabilidade pública e de xestión económico-financeira lle soliciten as institucións e entidades previstas no artigo 2.1.b”, que conforman o sector público da Comunidade Autónoma, entre as que figuran as entidades locais galegas, “así como atender ás consultas do Parlamento sobre os orzamentos da Comunidade Autónoma e a súa execución e liquidación, e emitir opinión, a solicitude do Parlamento ou da Xunta, sobre proxectos normativos que afecten aos ingresos ou gastos públicos”.

Do mesmo modo, no Regulamento de réxime interior do Consello de Contas aprobado pola Comisión permanente non lexislativa para as relacións (do Parlamento) co Consello de Contas o 23 de febreiro de 2017, o artigo 2 contempla o exercicio da función consultiva, nos termos previstos no artigo 4 da Lei, debendo a solicitude ser tramitada de acordo co procedemento previsto no artigo 68 do citado regulamento que dispón:

"1. A formulación da consulta requirirá o acordo previo do Consello da Xunta, do pleno do ente local ou do órgano superior de goberno do resto de entidades do sector público de Galicia interesados.

2. Na solicitude de asesoramento concretarase o obxecto da consulta, debendo ser acompañada de todos os antecedentes, documentos ou informes necesarios para poder pronunciarse sobre a cuestión formulada. En todo caso, deberanse achegar os informes do servizo xurídico e, de ser o caso, do servizo de control interno da entidade que formula a consulta, co contido das súas respectivas conclusións a cada cuestión suscitada.

3. Recibida a solicitude de asesoramento, o conselleiro ou conselleira maior elevaraa ao Pleno, para que decida sobre a súa admisión. A decisión comunicarase ao órgano consultante, sen que caiba recurso contra a súa denegación.

4. Non se admitirán as solicitudes de consulta a que se refire o artigo 67.1.a) que non conteñan un obxecto preciso ou sexan confusas ou xenéricas, substitúan a fiscalización de control interno ou versen sobre asuntos xa consultados por esa entidade.

5. Se, unha vez admitida a consulta, o Consello estima que a documentación está incompleta, requirirase ao ente consultante para que se complete coa documentación adicional que se indique para o efecto, suspendéndose neste suposto o cómputo dos prazos para a súa contestación ata a recepción da documentación solicitada. De non se completar a documentación no prazo de quince días, a solicitude de asesoramento arquivarase conforme ás normas que regulan o procedemento administrativo común das administracións públicas.

6. O Pleno determinará o membro do Consello de Contas que debe dirixir o asesoramento, así como o prazo para a súa realización e o persoal de apoio con que contará para a elaboración da proposta de ditame, que será sometida ao informe da Asesoría Xurídica do Consello. O conselleiro ou conselleira responsable da emisión do informe ao que alude o artigo 67.2 será o titular do departamento competente en materia de facendas locais.

7. Unha vez aprobado o resultado da consulta polo Pleno, remitirase ao ente consultante e publicarase na páxina web do Consello de Contas."

De acordo coas disposicións do artigo 68.1 e 2 do citado Regulamento de réxime interior, o Pleno do Concello de Barbadás acordou na sesión celebrada o 4 de novembro de 2019 dar traslado ao Consello de Contas, como órgano de control externo da actividade económica e financeira do sector público galego, da solicitude de asesoramento respecto dos mecanismos a aplicar para a adaptación e regularización do sistema recadatorio municipal, no relativo á xestión recadatorio das contas

bancarias relacionadas con prezos públicos, taxas e impostos potestativos, logo das irregularidades postas de manifesto en distintos informes na xestión e control da actividade recadatoria do concello.

Pola súa banda, o pleno do Consello de Contas o 16 de decembro de 2019 acordou admitir a trámite a solicitude de asesoramento.

## 2. DOCUMENTACION RECIBIDA

Xunto co escrito do Concello de Barbadás solicitando asesoramento ao amparo da Lei do Consello de Contas, remitiuse a seguinte documentación:

- Informe do Tesoureiro, emitido o 7 de maio de 2019, sobre a xestión recadatoria das contas bancarias do Concello de Barbadás, correspondente ao exercicio 2018 e na rendición de contas efectuada polos distintos departamentos xestores.
- Informe da Intervención, publicado o 15 de maio de 2019, relativo ás consideracións sobre as contas de tesourería e o seu rexistro contable, así coma a situación concreta do concello.

## 3. ANTECEDENTES

A consulta formulada ten a súa orixe nas irregularidades postas de manifesto, nos citados informes, en relación coa xestión e control da recadación das contas bancarias relacionadas con prezos públicos, taxas e impostos potestativos do Concello de Barbadás. Para estes efectos, convén expoñer a situación e feitos descritos nos informes dos titulares dos órganos de Tesourería e de Intervención do concello, remitidos xunto coa solicitude de consulta.

### 3.1 IRREGULARIDADES

O Concello de Barbadás contaba, no exercicio obxecto da consulta, cunha poboación a 1 de xaneiro de 2018 de 10.951 habitantes, segundo datos do Instituto Nacional de Estatística, tratándose dun concello encadrado dentro do tramo 3.

#### 3.1.1 ORGANIZACIÓN DA TESOURERÍA

O Concello de Barbadás non dispón dun departamento de Tesourería dotado de persoal que exerza as funcións de recadación dos ingresos de dereito público, nin tampouco cun departamento de recadación municipal.

Para atender ás competencias de recadación respecto dos ingresos de dereito público ten regulada unha dobre vía, diferenciando:

- Os impostos de esixencia obrigatoria, para os que se prevé a delegación desta competencia, tanto en vía voluntaria coma executiva, na Deputación provincial de Ourense.

- Os impostos de esixencia potestativa, as taxas e prezos públicos, que son recadados por distintos órganos xestores do Concello de Barbadás.

As funcións de recadación viñan desenvolvidas polos distintos departamentos xestores dos servizos, baixo a coordinación ou supervisión da funcionaria técnica superior de intervención, desde novembro de 2005 como responsable de determinadas funcións de tesourería.

Mediante resolución do 21 de maio de 2018, da Dirección Xeral da Administración Local, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, clasifícase o posto de tesourería no Concello de Barbadás como posto reservado a funcionario/a da Administración Local con habilitación estatal, de acordo co artigo 14 do Real decreto 128/2018, que regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación estatal e o artigo 10 do Decreto 49/2009, sobre as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos funcionarios/as con habilitación de carácter estatal, o que permitiu o nomeamento, en comisión de servizos, do actual tesoureiro funcionario de carreira pertencente á subescala de secretaría intervención, tomando posesión o día 22 de xuño de 2018, mais dito nomeamento non levou aparellada nin a creación do departamento de Tesourería, nin a dotación de efectivos.

En particular, o informe do tesoureiro do 7 de maio de 2019 analiza a xestión dos prezos públicos, taxas e impostos de esixencia potestativa e solicita asesoramento para adoptar os mecanismos axeitados para a resolución das irregularidades que son postas de manifesto no seu informe.

### **3.1.2 SALDO DAS CONTAS E CONTABILIDADE**

Da información que se deriva do informe de Tesourería, no momento de facerse cargo das súas funcións, a persoa que ocupa o posto de técnico medio de intervención -dada a ausencia por baixa da técnica superior de intervención-, comunícalle ao Tesoureiro a existencia de 11 contas restrinxidas de recadación formalizadas coa entidade financeira Abanca, limitándose a información á orixe dos ingresos das mesmas. Logo do control documental e financeiro dos apuntes de cada conta, compróbase que en 7 das contas restrinxidas figura un saldo conxunto por importe de 142.460,42€ de natureza descoñecida.

Porén, figuran 2 contas restrinxidas de recadación que constan no correspondente rexistro contable, así como o saldo da conta operativa.

Ademais figuran 3 caixas de efectivo no concello sen o debido rexistro contable.

A identificación do saldo por tipo de conta figura nos cadros seguintes:

- Contas cuxo saldo non figura reflectido na contabilidade:

Finalidade da conta	Nº Conta	Traspaso a conta operativa	Saldo
<b>Restrinxidas de recadación (sen reflexo contable)</b>		<i>Último</i>	<b>142.460,62</b>
Escola infantil	ES63....0047	16/02/2018	18.708,61
Polideportivo, escolas deportivas e piscinas	ES22....0056	20/04/2018	14.873,89
Multas policía local	ES75....7981	23/07/2018	8.642,05
Bos días cole, actividades extraescolares, campamentos de verán, clases de reforzo, palillos	ES21....9242	20/04/2018	15.420,18
Xestión urbanística	ES13....5497	16/02/2018	23.492,95
Bono bus e ingresos da escola de música	ES38....2718	20/04/2018	48.709,83
Servizos sociais, servizo de axuda no fogar dependencia e libre concorrencia	ES07....0038	16/02/2018	12.613,11

- Contas restrinxidas sen importe:

Finalidade da conta	Nº Conta	Saldo
<b>Restrinxidas de recadación (sen importe)</b>		
Casa da xuventude e campamentos urbanos	Abanca 0065	
Consignación Concello de Barbadás	Abanca 0029	

- Contas restrinxidas reflectidas en contabilidade:

Finalidade da conta	Nº Conta	Saldo
<b>Restrinxidas de recadación (rexistradas na contabilidade)</b>		<b>857.245,85</b>
Fondo de cooperación local, cotas IAE e ingresos de telefonía por utilización privativa do dominio público	ES77....6925	525.437,62
Multiprazo	ES51....1430	331.808,23

- Conta operativa do concello rexistrada na contabilidade:

Finalidade da conta	Nº Conta	Saldo
<b>Operativa do concello</b>	<b>ES90....5003</b>	<b>426.700,79</b>

- 3 caixas de efectivo no concello non recollidas na contabilidade

### 3.1.3 PROBLEMÁTICA PARA A CONCILIACIÓN BANCARIA

Respecto á conciliación bancaria, só figuran na contabilidade da entidade local os saldos 3 contas en entidades financeiras (1 conta operativa do concello no Banco Sabadell e 2 contas de Abanca, aínda que denominadas contas restrinxidas) correctamente imputadas á contabilidade de acordo coa xustificación aportada xunto cos arqueos de tesourería, polo que a conciliación entre os saldos que figuran rexistrados na contabilidade e os que se derivan dos importes recollidos nas entidades financeiras xustifícanse polos cobros contabilizados polo banco pendentes de contabilización no

**Asesoramento ao Concello de Barbadás en materia da xestión recadatoria nas contas bancarias e na rendición efectuada polos departamentos xestores concernidos. Exercicio 2018**

concello. Así, figuran cos seguintes importes na Memoria da Conta xeral correspondente ao exercicio 2018, no estado de conciliación bancaria:

Conta bancaria	Saldo banco	Cobros contabilizados polo banco e non pola entidade	Saldo conciliado	Saldo entidade
ES90....5003	577.636,22	150.935,43	426.700,79	426.700,79
ES51....1430	331.808,23	0	331.808,23	331.808,23
ES77....6925	525.437,62	0	525.437,62	525.437,62
<b>Total</b>	<b>1.434.882,07</b>	<b>150.935,43</b>	<b>1.283.946,64</b>	<b>1.283.946,64</b>

A conta do Banco de Sabadell 5003 é obxecto dos arquezos correspondentes, tendo a consideración de operativa.

No que atinxe ás 2 contas restrinxidas de recadación da entidade Abanca:

- A conta Abanca 1430, referenciada coma multiprazo aberta en novembro de 2014, constando a derradeira operación en maio de 2017, presenta un saldo de 331.808,23€.
- A conta 6925 recolle o fondo de cooperación local, cotas provinciais do imposto de actividades económicas e ingresos de telefonía pola utilización privativa do dominio público, foi aberta o 24 de maio de 1994.

Por conseguinte, falta a información e rexistro contable de:

- 1) 9 contas denominadas restrinxidas de recadación, confirmando Abanca que todas as contas abertas na entidade, 11 contas, son en realidade contas operativas e
- 2) 3 caixas de efectivo que ten o concello.

Poñéndose de manifesto:

a) A apertura das contas coa denominación de restrinxidas de recadación do Concello de Barbadás, entre os exercicios 1994 e 2014, aparece vinculada coa recadación municipal, mais figuran gastos carentes de fiscalización previa, fundamentalmente gastos de carácter financeiro pero tamén doutra índole. Desde estas contas realizábanse traspasos anualmente -ou cando menos con periodicidade irregular- á conta operativa da entidade aberta co Banco de Sabadell que si figura na contabilidade, e á que se destinan os fondos das outras contas de recadación. Esta operativa verifícase exclusivamente respecto dos ingresos recadatorios, sen que se trasladen á contabilidade municipal os gastos producidos anualmente.

b) No seno das contas de ingresos obsérvase tamén o incumprimento do mandato orzamentario polo que todos os ingresos e gastos da corporación débense imputar aos capítulos e áreas de gasto



correspondente en función da súa natureza, polo que os saldos iniciais de orixe descoñecida son alleos a calquera proceso contable.

c) A existencia dun saldo conxunto destas contas, por importe de 142.460,42€ alleo á contabilidade da entidade (de natureza descoñecida en canto a xustificación documental).

d) A carencia dun procedemento normalizado único para o cobro de cotas ou tributos periódicos, sexa na modalidade de xanela ou domiciliación bancaria, non constando a aplicación do Caderno 60 que garante a necesaria normalización do procedemento recadatorio.

e) As contas bancarias indicadas non se poden considerar restrinxidas de recadación, xa que estas deberían ser contas instrumentais de uso exclusivo polas entidades financeiras, non podendo intervir na súa xestión a entidade local. Ademais de non ter remuneración unicamente debe permitir en movementos de abonos o importe dos cobros realizados ou a rectificación dos erros e no referido aos movementos de Debe, polo traspaso da recadación á conta operativa indicada polo concello. O saldo debería ser en todo momento ou acredor ou cero.

f) Obsérvase do seguimento realizado polo persoal xestor, administrativo e auxiliar, en relación coa documentación aportada, un dispar grao de detalle e concreción; así figuran servizos que levan un control exhaustivo de cada apunte na conta, nos casos de xestión de remesas, xestión terminalis de punto de venda, xestión de devolucións de ingresos, entre outros. Pola contra, obsérvase falta de sistemática noutros departamentos no desenvolvemento de funcións análogas; así non contan os correspondentes acordos aprobatorios dos distintos patróns, remesas, matrículas, coa necesaria periodicidade, coa que tamén é preciso coñecer a relación de devolucións de recibos, gastos financeiros e outros dos que se deriven cargos en conta.

Ao longo de 2018, se ben determinados departamentos solicitaban con periodicidade os extractos bancarios, aos efectos de proceder ao seu control, xunto coa solicitude de alta de usuarios das contas que xestionan, outros departamentos non requiren información dos movementos nas contas, motivo polo que a conciliación de saldo resulta inviable ou moi complexa.

O resumo da xestión recadatoria no exercicio 2018 referida aos prezos públicos, taxas e impostos potestativos recadados desde o concello presenta as seguintes cifras:

- Recadación 472.330,28€.
- Número de recibos, pagos, licenzas, bonos buses, etc. : 30.111.
- Importe medio dos recibos, pagos, etc.: 15,69 €.

Ante a ausencia da anterior tesoureira, resulta inviable realizar a oportuna conciliación de saldos. Non sendo tampouco posible determinar a natureza dos saldos arrastrados desde fai anos aos efectos de restablecer a necesaria conciliación contable.

### **3.1.4. NORMATIVA APLICABLE**

#### **3.1.4.1. Servizos financeiros de tesourería**

O artigo 197 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL) fai referencia no seu apartado primeiro que *"As entidades locais poderán concertar os servizos financeiros da súa tesourería con entidades de crédito e aforro mediante:*

- *Contas operativas de ingresos e pagos.*
- *Contas restrinxidas de recadación.*
- *Contas restrinxidas de pagos.*
- *Contas financeiras de colocación de excedentes de tesourería".*

O Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación (RXR), por remisión do artigo 12.1 do texto refundido da Lei 2/2004, de Facendas Locais que establece que *"A xestión, liquidación, inspección e recadación dos tributos locais realizarase de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento".*

O artigo 9 RXR sinala que as entidades de crédito poderán prestar o servizo de caixa cando o conveñan coa Administración, mentres que poderán actuar como entidades colaboradoras na recadación as entidades autorizadas pola Administración que cumpran as previsións do artigo 17 do mesmo regulamento.

Aclara o segundo parágrafo deste artigo 9 RXR que *"En ningún caso a autorización que se conceda ou o convenio que se formalice atribuirá o carácter de órganos de recadación aos bancos, as caixas de aforro e as cooperativas de crédito, como entidades que sexan colaboradoras na recadación ou que presten o servizo de caixa".*

O artigo 28.3 RXR establece que *"As entidades colaboradoras do Estado, comunidades autónomas ou entidades locais rexeranse, nesta materia, polas disposicións específicas aplicables ditadas por ditos órganos e, en ausencia de estas, polo disposto neste artigo".*

Como recolle a Intervención Xeral da Administración do Estado (IGAE), na consulta 1/2017: as entidades financeiras poderán auxiliar ás entidades locais na recadación de tributos de dous modos:

- Como “entidades colaboradoras” cando foran autorizadas para elo (art.9.1 Regulamento xeral de recadación).
- Como entidades que non teñan tal consideración, mediante a prestación do servizo de caixa coas entidades de crédito coas que a Administración así o conveña.

En función da consideración que teña a entidade financeira, os ingresos recadábanse segundo o artigo 12 do RXR:

- Nas entidades colaboradoras ás que fai referencia o artigo 9.1.

- Nas contas restrinxidas abertas en entidades de crédito. Segundo a IGAE estas contas son ás que fai referencia o artigo 196.1.b) do texto refundido da Lei de Facendas Locais co fin de servir ao principio de unidade de caixa, mediante a centralización de todos os fondos e valores xerados.

Xa que logo, hai que distinguir o tipo de conta de que se trata:

a) As contas restrinxidas de recadación abertas polas entidades locais nas entidades financeiras colaboradoras, que non forman parte da tesourería da entidade local e o seu saldo non debe figurar no activo do balance.

b) As contas restrinxidas de recadación en entidades financeiras que non teñen o carácter de colaboradoras na recadación, que si forman parte da tesourería da entidade e, polo tanto, o seu saldo debe figurar no activo do balance (epígrafe BVII Efectivo e outros activos líquidos).

### **3.1.4.2. Contas restrinxidas coas entidades colaboradoras**

Na citada Consulta 1/2017 da IGAE, trasladando ao ámbito local o contido do artigo 5 da Orde EHA/2027/2007, sinalase, respecto estas contas restrinxidas e en relación coas entidades de crédito que prestan o servizo de colaboración coa xestión recadatoria da Axencia Estatal de Administración Tributaria, o seguinte:

Apertura de contas restrinxidas. As entidades de crédito autorizadas para actuar como colaboradoras na xestión recadatoria dunha entidade local recollerán en contas restrinxidas os ingresos que resulten dos documentos presentados a tal fin polos obrigados ao pago, entendendo a estes efectos por conta restrinxida a conta corrente sen retribución e sen devindicación de comisión ningunha na que só se poden efectuar anotacións en concepto de abonos e unha única anotación polo Debe cada quincena, para proceder a ingresar o saldo da mesma nunha conta da Tesourería da entidade local. Non obstante poderán efectuarse anotacións por rectificacións de erros debidamente xustificadas.

Tamén recolle en termos similares as contas restrinxidas de recadación en entidades colaboradoras o Caderno 60 "Recadación de tributos e outros ingresos municipais" da serie Normas e procedementos bancarios, establecendo o procedemento normalizado único para o cobro de tributos e outros ingresos das entidades locais en calquera entidade de conciliación contable.

Estas contas ábrese a nome da entidade local á que presta o servizo, tendo a cualificación de instrumentais, xa que son de uso exclusivo das entidades financeiras para a xestión recadatoria, non podendo intervir na súa xestión o concello, e por elo, os fondos recadados non forman parte da súa tesourería ata que son traspasados a unha conta ordinaria da entidade local.

### **3.4.1.3. Caixas de efectivo para fondos de operacións diarias**

De acordo co artigo 197.2 TRLRFL, *as entidades locais poden ter tamén caixas de efectivo para as operacións diarias, suxeitas ás limitacións que regulamentariamente se establezan.*

O maior inconveniente das caixas de efectivo para fondos de operacións diarias é que a súa regulación é parcial, xa que se ben o RXR si establece prescricións respecto dos ingresos de natureza tributaria e demais de dereito público, o ingreso de caixas de efectivo para outro tipo de recursos non conta coa regulación equivalente, o que provoca problemas relacionados coa falta de control dos saldos das mesmas, a imputación contable das súas entradas e saídas e as diferenzas de arqueo que precisan actas de conciliación contable.

A súa vez o funcionamento destas caixas requiren unha mínima segregación das funcións, de tal modo que o responsable da recadación (movementos da mesma) non debe ter acceso a rexistrar ou autorizar operacións en contabilidade, nin ser responsable de rexistrar as transaccións en metálico, nin tampouco preparar as conciliacións bancarias.

A falta de segregación de funcións levou a que órganos de control externo como a Cámara de Cuentas de Andalucía recomende dende a aprobación do informe SL 03.2/2012 a eliminación do sistema de caixa nos concellos pola falta de mecanismos de control. Porén a Sindicatura de Comptes de la Comunitat Valenciana propón implantar procedementos para minimizar os cobros en efectivo, si se realizan deben ser supervisados por persoa distinta de quen os realiza. No mesmo sentido, cabe indicar, que o informe do tesoureiro de Barbadás recolle a existencia de 3 caixas de efectivo non rexistradas na contabilidade respecto das que a Intervención propón a súa progresiva eliminación.

### **3.4.1.4. Contido da conta xeral**

O artigo 209 do TRLRFL establece que a conta xeral das entidades locais estará integrada pola conta da propia entidades así como polo a dos seus organismos autónomos e sociedades mercantís de

capital integramente propiedade da entidade local, precisando o artigo 210 que o contido, estrutura e normas de elaboración das mesmas determinarase polo Ministerio de Facenda a proposta da Intervención xeral da Administración do Estado.

A tal fin, por Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro aprobouse a Instrución do modelo normal de contabilidade local, que contén normas contables de carácter xeral ás que ten que axustarse a organización da contabilidade para que a mesma reflicta a situación económico financeira e patrimonial de xeito fiel.

A regra 45.3 da citada instrución indica que ás contas xerais da entidade únirase a acta de arqueo de existencias de tesourería, así como as certificacións das entidades financeiras acerca do saldo que presentan a fin de exercicio cada unha das contas financeiras abertas, e no caso de discrepancia entre o saldo bancario e contable o correspondente estado conciliatorio, autorizado.

Trátase dunha documentación complementaria máis preceptiva da Conta xeral, de acordo coa regra 48, conforme a que debe figurar na Memoria da Conta xeral a acta de conciliación, que recollerá os saldos das contas bancarias e das existencias na caixa da entidade, informando no caso de diferenzas non xustificadas, á Alcaldía e ao Pleno e ao centro directivo da Comunidade Autónoma que exerce a tutela financeira da entidade local.

#### **3.4.1.5. Recadación municipal**

A recadación municipal deberá desenvolverse a través do Caderno 60, procedemento normalizado único para o cobro de cotas ou tributos e ingresos non tributarios coa finalidade de eliminar o papel e todas as transaccións realizaranse mediante soporte electrónico ou telemático.

### **4. OPINIÓN DO ÓRGANO DE CONTROL INTERNO DO CONCELLO**

De xeito complementario, cabe facer referencia ao informe da intervención, "*reproducir e subscribir o recollido no informe do tesoureiro considerando preocupante a operativa recadatoria seguida ata a data carente de reflexo contable, de xestión e conciliación de saldos, de aplicación de procedementos normalizados e carente de subministración de información ao Consello de Contas e Tribunal de Cuentas, debendo adoptarse as medidas procedentes que contribúan a alcanzar a necesaria regulación recadatoria*".

A falta de documentación referida ao informe de tesourería e da acta de arqueo, estado de conciliación que debe acompañar á Conta xeral no momento da súa elaboración máis que non foi nunca presentado ante a interventora pola anterior tesoureira, argumento polo que a leva a "*reiterar o exposto no expediente 706/2017, respecto reclamación de cantidade polo exercicio das funcións de Tesourería, por parte de anterior tesoureira, persoa que ademais de non realizar todas*

*as funcións de tesourería, as que desenvolvía eran exercidas á marxe dos sistemas estandarizados de recadación municipal, evidenciándose un importante descontrol na xestión recadatoria por omisión das máis mínimas canles aplicables ás devanditas funcións".*

## **5. PROPOSTA FORMULADA PARA RESOLVER AS IRREGULARIDADES OBSERVADAS**

Co fin de dar visibilidade as irregularidades observadas o tesoureiro propón, entre outras, a realización das seguintes medidas:

- Facilitar a información que permita contabilizar baixo a rúbrica de operacións pendentes de aplicar todos os motivos de cargo e abono efectuados en caixas e contas financeiras coa finalidade de garantir o principio de rexistro contable e imaxe fiel da situación económica e patrimonial que debe respectar a contabilidade.
- Dar as oportunas instrucións como xefe dos servizos municipais de tesourería co fin de garantir o rexistro de todos os ingresos da corporación en contas correntes restrinxidas de cobro coa sinatura mancomunada das persoas legalmente autorizadas.

## **6. OPINIÓN DO CONSELLO DE CONTAS**

Á vista dos feitos comunicados ao Consello de Contas, aprécianse irregularidades administrativas pola falta de imputación contable da corrente monetaria, cobros e pagos, debido a varios motivos:

- O Concello de Barbadás presenta unha deficiente xestión de tesourería, sendo as funcións de recadación prestadas nos distintos departamentos xestores dos diversos servizos dun modo dispar e con descoordinación.

Para un axeitado funcionamento, é preciso que a recadación funcione de modo homoxéneo, utilizando instrumentos coma o Caderno 60 ou adoptando normas internas de funcionamento nesta dirección. Sería aconsellable o establecemento de pautas comúns para os órganos xestores, como por exemplo que as remesas elaboradas polos diversos departamentos, matriculas, padróns sexan postos á sinatura do xefe de departamento correspondente e remitidas para o seu coñecemento, formalización e sinatura ao órgano competente municipal encargado da súa aprobación, por medio de resolución da Alcaldía ou acordo da Xunta de Goberno Local.

Resulta especialmente aconsellable o uso de medios electrónicos para o cobro dos ingresos públicos e o establecemento de regras de subministro de información periódica coas entidades financeiras que teñan a condición de entidades colaboradoras.

- Obsérvase a existencia de 11 contas denominadas restrinxidas de colaboración coa recadación dos ingresos de dereito público e impostos potestativos do concello abertas na entidade financeira Abanca, S.A, a nome do Concello de Barbadás que non cumpren cos requisitos para a súa consideración como tales; son de uso exclusivo das entidades financeiras para a xestión recadatoria, non podendo o concello intervir na súa xestión, e por elo, os fondos recadados non forman parte da súa tesourería ata o momento en que son traspasados á conta operativa momento no que si debe figurar na contabilidade, na que converxen os fondos traspasados das contas de recadación anualmente ou con periodicidade irregular, debendo o concello regular a periodicidade coa que se deben realizar.
- O saldo das contas restrinxidas de recadación debería ser en todo momento ou acredor ou cero, pero 7 das contas presentan un saldo global de 142.460,62 € de orixe descoñecida. Así mesmo debería reducir a periodicidade coa que se trasladan os fondos das contas de recadación á conta operativa da entidade. Porén, todas estas contas son realmente contas operativas, xa que recollen ingresos e gastos de diverso tipo.
- Non constan os expedientes formalizados para abrir as contas restrinxidas de recadación, o seu motivo de apertura, así como tampouco a realización da necesaria conciliación de saldos, nin o motivo da existencia de gastos carentes de fiscalización previa.
- Debido ao carácter das contas denominadas restrinxidas pero que realmente a entidade local xestiona mediante pagos non previstos para este tipo de contas, a autorización de contas restrinxidas de recadación terá que seguir os trámites previstos no artigo 17 do Regulamento xeral de recadación.
- Abundando nesta xestión deficiente dos ingresos públicos, non se realizou un correcto seguimento do resultado da mesma. Non se cumpriu coa obriga de elaborar o preceptivo informe de tesourería, que forma parte da Memoria, ao que se debe acompañar da acta de arqueo e estado de conciliación contable de saldos das contas bancarias e das existencias na caixa da entidade. Este informe de tesourería debe acompañar de xeito obrigatorio, como información complementaria á Conta xeral, sen que se faga alusión a falta de constancia.

## **6.1 ACTUACIÓNS QUE DEBERÍA LEVAR A CABO O CONCELLO**

Atendendo á situación descrita nos informes subministrados ao Consello de Contas, en relación coa xestión recadatoria dos impostos de esixencia potestativa, taxas e prezos públicos, que son recadados polos distintos órganos xestores o Concello de Barbadás debería levar a cabo as seguintes actuacións:

### **6.1.1 RESPECTO DA XESTIÓN DA RECADACIÓN**

1º) Debe establecerse un procedemento normalizado único para os servizos que tramitan os ingresos, mediante pautas comúns. Aconséllase un manual para este procedemento ou ditar instrucións aos órganos encargados da xestión dos ingresos, ademais adoptar o Caderno 60 en canto sexa posible, procedemento normalizado único para o cobro de cotas ou tributos e ingresos non tributarios coa finalidade de eliminar o papel realizándose todas as transacción mediante soporte electrónico ou sistema telemático.

2º) Identificar as contas existentes para a xestión dos ingresos e a súa verdadeira natureza, e no seu caso depurar as que non sexan necesarias. Utilizar as contas restrinxidas conforme a súa verdadeira natureza instrumental, sen intervención do concello.

3º) Asinar os convenios de colaboración necesarios coas entidades financeiras que operen como entidades colaboradoras, no caso de non contar cos expedientes formalizados para abrir as contas.

4º) Adoptar medidas de control polos órganos de intervención e de tesourería co fin de que se garanta o cumprimento dos trámites previstos na normativa.

### **6.1.2 RESPECTO DA CONTABILIZACIÓN DAS DENOMINADAS CONTAS RESTRINXIDAS E CAIXAS DE TESOURERÍA**

1º) Con carácter xeral, débese elaborar a acta de arqueo e a acta de estado de conciliación contable de saldos das contas bancarias e das existencias na caixa da entidade.

2º) Co fin de garantir os principios contables de rexistro e de imaxe fiel da situación económico financeira e patrimonial da entidade, deberíase de contabilizar na rúbrica de operacións pendentes de aplicar todos os motivos de cargo e abono efectuados nas contas financeiras das nove contas restrinxidas de recadación abertas na entidade Abanca, S.A sen figurar na contabilidade, así como tamén os importes das caixas de efectivo, ou calquera outra que estea nunha situación semellante.

### **6.1.3 RESPECTO DA ELABORACION DA CONTA XERAL**

1º) A Conta xeral debe incluír a documentación, complementaria mais preceptiva, do informe de tesourería, documento non elaborado pola anterior tesoureira, que forma parte da Memoria, ao que se debe acompañar da acta de arqueo e estado de conciliación contable de saldos das contas bancarias e das existencias na caixa da entidade.

2º) A información complementaria citada debe acompañar á vindeira Conta xeral que presente o órgano da intervención diante da Alcaldía, do Pleno, do centro directivo da Comunidade Autónoma que exerce a tutela financeira da entidade local e do Consello de Contas, informando de diferenzas



non xustificadas, con mención da problemática xerada pola tesourería nas Contas xerais dos exercicios precedentes coa finalidade do seu coñecemento e corrección.

#### **6.1.4. RESPECTO DA RESPONSABILIDADE**

Ante as deficiencias detectadas polo órgano de control debe depurarse a responsabilidade pola acción ou inacción no desenvolvemento das funcións de tesourería exercidas ( a) ante a falta de reflexo contable de saldos nas caixas e entidades financeiras, b) de xestión e conciliación de saldos, c) de aplicación de procedementos normalizados e d) de información a través da Conta xeral ao Consello de Contas e Tribunal de Cuentas), de conformidade co artigo 5 do RD 424/2017, que regula o réxime de control interno das entidades locais, cando os feitos acreditados ou comprobados puideran ser susceptibles de constituír una infracción administrativa ou dar lugar á esixencia de responsabilidades contables ou penais o poñerá en coñecemento do órgano competente:

a) Cando os feitos puidesen ser constitutivos de delito, as responsabilidades esixiranse ante os Tribunais de Xustiza competentes e tramitaranse polo procedemento ordinario aplicable, sen prexuízo de que o Tribunal de Cuentas coñeza, no ámbito das súas competencias, daqueles feitos que orixinasen menoscabo de fondos públicos.

b) No caso de feitos que puidesen ser constitutivos de infraccións en materia de xestión económico-orzamentaria das previstas na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que non sendo constitutivas de delito afecten a presuntos responsables comprendidos no ámbito de aplicación da citada lei, dará traslado das actuacións ao órgano competente, sen prexuízo de poñer os feitos en coñecemento do Tribunal de Cuentas por se procedese, no seu caso, a incoación do oportuno procedemento de responsabilidade contable.

c) Nos restantes casos non comprendidos nos epígrafes a) e b) anteriores, estarase con carácter xeral ao disposto na Lei Orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Cuentas e na Lei 7/1988, do 5 de abril, de Funcionamento do Tribunal de Contas.